



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2022

1. ADQUISICIÓN DE TOGAS PROPIAS SUBVENCIONADAS POLO COLEXIO

Ante a presumible recuperación proximamente da obrigatoriedade do uso da toga e para potenciar que cada letrado e letrada usen de forma individual esta prenda, o Colexio negociou cunha empresa local especializada en vestiario laboral e sanitario a confección de togas a un prezo especial para o noso colectivo.

Tras estas negociacións, o prezo ofertado para cada toga, xa personalizada co escudo colexial, é de 69,95 euros máis IVE, non obstante, o Colexio decidiu subvencionar unha parte deste importe para que o prezo final para cada colexiado e colexiada sexa de **50 euros máis IVE**.

Poderán elixirse os números de talle habituais (pequeno, mediano, grande e súper grande), que poderán ser probados na sala de togas (sede edif. xulgados).

Pedidos ata o 17 de xuño

Os pedidos poderán realizarse por correo electrónico dirixido á conta icajuzgado@icasantiago.org no que deberá especificarse o talle elixido. Neste correo ademais deberá autorizarse expresamente ao Colexio a cargar o importe de 50 euros máis IVE no número de conta en que se teñen domiciliadas as cotas colexiais; ou, no caso de preferir un número de conta distinto, indicalo no propio correo.

Unha vez que se reciban as togas encargadas, avisaremos as persoas interesadas para que pasen a recollelas.

2. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO 2022: PROGRAMA E RESERVA DE MESAS

Lembrámosvos que o vindeiro venres 10 de xuño celebraremos a festividade de San Raimundo de Peñafort, co programa que a seguir se detalla:

- 18.00 h Misa na Capela da Corticela da Catedral de Santiago de Compostela, que se aplicará en lembranza dos compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
- ❖ Entrega do **XII Premio de Dereitos Humanos a Cruz Vermella, delegación de Santiago de Compostela**
 - ❖ Entrega de **diplomas** aos letrados e letradas que cumpren **25 anos de exercicio** profesional
 - ❖ Entrega de **diploma e insignia de ouro** aos letrados e letradas que cumpren **40 anos de exercicio** profesional
 - ❖ Entrega de **diploma e placa a D. Jesús Maroño Barreiro** (col. núm. 345), en recoñecemento aos máis de 60 anos de exercicio profesional
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
 - ❖ **Recoñecemento a D. Juan José Martín Álvarez**, ex-director xeral de Xustiza



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2022

20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca

22.00 h **Cea-baile** no Gran Hotel Los Abetos

Reserva de mesas

As tarxetas de invitación poderán retirarse na secretaría do colexio ata o día 6 de xuño, ás 20.00 h. Existe a posibilidade de reservar mesas completas, se así se solicita, no momento de retirar as invitacións (mesas con capacidade de 8 ou 10 persoas).

Prezos

Nos prezos xa figura aplicada a subvención do colexio:

- Colexiados/as de máis de 5 anos: **57 €**
- Colexiados/as de menos de 5 anos: **47 €**
- Alumnado da EPX/máster: **47 €**
- Acompañantes (1 por colexiado): **57 €**
- Outras persoas (non colexiadas): **77 €**

Servizo de autobuses:

- Ida: 21.30 h / 21.50 h, dende a praza de Galicia ata o hotel Los Abetos.
- Volta: 3.00 h / 4.00 h (aprox.), dende o hotel Los Abetos ata a praza de Galicia.

3. CURSO DE ACTUALIZACIÓN USC: DEREITO DE SUCESIÓN E DISCAPACIDADE

Informámosvos de que a Facultade de Dereito da USC organiza o Curso de actualización en dereito de sucesións e discapacidade, que está dirixido, entre outros profesionais da xustiza, a avogados e avogadas.

Día: 17 de xuño

Horarios: 9.30 a 14.00h e 16.00 a 20.00

Lugar: sala de xuntas da facultade

Matrícula: do 30 de maio ao 12 de xuño

Dereitos de inscrición: 80 €

Achégase programa e solicitude de admisión.